MARTES **18 DECEMBRO** 2018 • ANO VI - Nº 177 • Correo - liderlugo@lavoz.es

# 1. Líder BASKET




Maristas 61 – 51

# LOCE LIDERADO

Os colexiais son, xunto con Estudiantes infantil masculino e alevín feminino, **os equipos lucenses que chegan ao parón de Nadal encabezando algunha clasificación de Primeira División.** Debutarán no 2019 en Culleredo, nun duelo directo polo primeiro posto en solitario

REPORTAXE

## Convenio entre Deputación e CB Chantada

**O ente provincial promove con 18.000 euros a actividade deportiva de máis de 230 xogadores e xogadoras do club**

PARÓN NADAL

Todas as categorías do baloncesto base disputaron esta fin de semana a última xornada do 2018, polo que as diferentes competicións reanudaranse a mediados do próximo mes de xaneiro. **Dende a redacción deste suplemento desexámoslle a toda a familia do basket lucense boas festas e un próspero ano novo 2019**



LIGA GALEGA MINIBASKET

## Estudiantes despegou na segunda parte no Anexo

**Maristas chegou por diante ao descanso, pero na segunda metade o conxunto de Zaida Iglesias mostrouse imparable**



# Estudiantes emerxeu cando peor pintaban as cousas

**TRALA DERROTA ANTE OBRADOIRO** os de Marcos López volveron á senda da vitoria ante un Bosco Salesianos que vendeu moi cara a derrota, pero os lucenses tiraron de orgullo

| 77 BOSCO Xogador | Pts. | 87 ESTUDIANTES Xogador | Pts. |
|---|---|---|---|
| Rey | | Iago | 13 |
| Castro | | Mark | 21 |
| Álvarez | | Alberto | 2 |
| Pereira | | Iván | 3 |
| Seara | | Janusevicius | 32 |
| López | | Olloqui | 4 |
| Rodríguez | | Jorge | 12 |
| Iglesias | | Diego | |
| González | | | |
| Prieto | | | |
| Álvarez | | | |

> "En los momentos más difíciles del partido, el equipo dio un paso adelante" MARCOS LÓPEZ Estudiantes Lugo

Estudiantes fixo súa a máxima de que caer esta permitido, pero nunca renderse. Os de Marcos López reaccionaron ao campión ante unha situación moi complicada que liquidaron con éxito na exisente visita a Bosco Salesianos, sobre todo tras ter aínda na memoria a derrota ante Obradoiro, sufrir coa carga de faltas desde os primeiros minutos de xogo e co hándicap da falta de rotacións, unha vez máis condicionados polas ausencias nunha plantilla xa corta de seu.

Todo iso engade aínda máis valor á vitoria celeste en Ourense. Un triunfo de grupo no que todos aportaron para saír airosos, especialmente cando as cousas peor pintaban para os intereses lucenses.

Bosco, pese a contar con tan só dúas vitorias, foi terceiro na Copa Galicia e pode meter nun problema a calquera equipo como demostrou ante Estudiantes. O partido complicouse desde os primeiros minutos coa carga de faltas de Iago e Mark, engadido ao acerto desde o exterior local que desencadeou nun primeiro parcial de 19-21, mentres que ao descanso chegouse con máis dez para Estudiantes, 36-46.

Ao comezo da segunda parte o partido púxose costa arriba cunha exhibición de acerto en triplos de Bosco, anotando cinco no terceiro cuarto para darlle a volta ao marcador cun parcial de 27-14 que deixaba o electrónico en 63-60 con dez minutos por disputar.

Estudiantes mantivo a calma necesaria, o talento e o esforzo para volver meterse no encontro, darlle a volta ao marcador e impoñerse con solvencia cun último parcial de 14-27 para asinar o definitivo 77-87 co que os de Marcos López sairon airosos e volveron á senda da vitoria nunha Liga Galega júnior masculina na que aínda teñen moito que decir no 2019.

**12**

**TRIPLOS DE BOSCO** ao longo do encontro. O conxunto ourensán tivo un gran acerto dende o exterior, polo que sempre se mantivo vivo na loita pola vitoria neste encontro

**+3**

**PARA BOSCO** ao remate do terceiro parcial. No último, Estudiantes sacou forzas de fraqueza, tirou da casta dos campións e deulle a volta ao marcador


O celeste Iago cara a pintura tras superar a un rival

## O Ensino deixa o listón moi alto

**DESPEDIRON O 2018** cunha contundente vitoria nun ano espectacular

| 85 ENSINO Xogadora | Pts. | 37 ESTUDIANTES Xogadora | Pts. |
|---|---|---|---|
| Marina | 16 | Reguera | |
| Tania | 6 | Pimentel | |
| Carmen | 26 | García | |
| Leboreiro | 7 | Cañera | |
| Natalia G. | 12 | Fontal | |
| Natalia | 6 | Iglesias | |
| Nuria | 12 | Brea | |
| | | Jiménez | |


A ensinista Natalia buscando unha boa liña de pase

> "Los resultados nos podrán acompañar o no, pero las ganas y capacidad de trabajo de estas chicas es insuperable" MIGUEL LÓPEZ Durán Maquinaria Ensino

O Durán Maquinaria Ensino despediu o 2018 ao grande, cunha contundente vitoria ante Estudiantes Pontevedra nun partido dominado con autoridade e no que todas as xogadoras que participaron aportaron tanto en defensa como en ataque con puntos.

O conxunto de Miguel López impuxo un ritmo moi alto desde os primeiros minutos, demostrando que a inactividade das últimas semanas compensouse con adestramentos de calidade. Deste xeito tomaron as rendas do marcador desde os primeiros compases do xogo cun primeiro parcial de 22-9.

Con todo, a mellor versión aínda estaba por chegar e chegou no segundo cuarto, no que o Ensino varreu da pista ao seu rival despregando un baloncesto de moito nivel defensivo e anotando desde todas as posicións, polo que cun segundo parcial de 33-12 levaron o marcador ata 55-21 ao descanso.

A vantaxe propiciou unha certa relaxación ao comezo da segunda parte, 8-16, pero nos últimos dez minutos recuperouse a normalidade nun partido cun ritmo de xogo moi alto e no que o Ensino cargou o depósito de confianza, algo que deben manter no parón de Nadal xa que o inicio de 2019 preséntase do máis esixente con Rosalía e Estudiantes como primeiros rivais.

## A un partido dunha volta de ensoño

**ESTUDIANTES** tentará poñerlle a guinda ante Peleteiro tralo parón

| 46 C. MARÍA Xogadora | 78 ESTUDIANTES Xogadora |
|---|---|
| Santas | Ana |
| Sabela | Zeltia |
| Vicente | Eva |
| Morodo | María |
| Sobrino | Adriana |
| Goicoechea | Alba |
| Barcia | Sabela |
| Rey | Yashina |
| Yáñez | Candela |
| Hernández | Alexia |
| Philippot | |
| Domínguez | |



Fernán Varela dá instruccións ás súas xogadoras

> "Encararemos con ganas la última semana de entrenamientos para seguir trabajando para mejorar" FERNÁN VARELA Estudiantes Lugo

Estudiantes está a un partido, o que disputará ante Peleteiro tralo parón de Nadal, de asinar unha primeira volta practicamente perfecta, co único lunar da derrota ante o Celta de Vigo que entra en todas as quinielas de todos os equipos desta competición.

As de Fernán Varela pecharon o 2018 cunha nova vitoria, nesta ocasión ante un Compañía de María que empezou moi forte o encontro e tomou o mando do marcador no primeiro parcial.

Isto serviu para activar ás celestes que, a partir do segundo cuarto, puxéronse o mono de traballo, especialmente en defensa e pechando o rebote para darlle a volta ao marcador e empezar a dominar con autoridade o encontro.

Tralo intermedio, Estudiantes continuou coa súa liña ascendente ata chegar a ter vantaxes de máis 25 no terceiro cuarto, mentres que nos últimos dez minutos as rotacións foron de calidade co que as distancias, ademais de manterse, ampliáronse ata chegar ao 46-78 final.

**7**

**VICTORIAS** e unha soa derrota, ante o Celta, é a carta de presentación do Estudiantes a falta dunha xornada para pechar a primeira volta do campionato

# O Ensino quédase só na caza e captura de Rosalía

**TRAS IMPOÑERSE NO DUELO DIRECTO POLA SEGUNDA PRAZA A BBCA** nun partido que as lucenses dominaron en gran parte para así xestionar a renda adquirida no treito final

> "Gran partido del equipo durante los primeros 24 minutos. Felicito a mis jugadoras por el gran trabajo realizado" ADRIÁN GONZÁLEZ Cafés Candelas Ensino

| BBCA 59 | | ENSINO 67 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| Saa | | Sabela | |
| Arteaga | | Nerea | 17 |
| Pousa | | Silvia | |
| Rosales | | Marta | |
| Rivas | | Nuria | 12 |
| López | | Natalia | 26 |
| Pérez | | Any | 8 |
| Vázquez | | Lucía | 2 |
| Porto | | Mencía | 2 |
| Soto | | | |

**+21**

**NO TERCEIRO CUARTO** tralo 22-36 co que rematou a primeira parte, a segunda arrincou cun parcial de 0-7 que propiciou a máxima diferencia do partido a favor do Cafés Candelas Ensino



A ensinista Nuria coa pelota no partido de ida ante BBCA disputado no Anexo

O Cafés Candelas Ensino despediu o 2018 ao grande tras impoñerse en Ferrol a BBCA nun duelo directo polo segundo posto da Liga Galega cadete feminina. Ambos equipos chegaban á cita con cinco vitorias e dúas derrotas, a unha do líder, Rosalía, que gañou con autoridade a Maristas Coruña nesta xornada, polo que o conxunto de Adrián González, pese a contar unha vez máis coa sensible ausencia de Maite Franco, quédase só na loita por alcanzar o liderado deste grupo Norte.

Desde os primeiros minutos o Esnino impuxo un listón moi alto en defensa, e aínda que faltou algo de creatividade en ataque tomaron o mando no marcador cun primeiro parcial de 13-17. No segundo cuarto continuou o bo traballo defensivo e as porcentaxes de acerto en ataque foron máis altas co que o Ensino despegou no marcador cun segundo parcial de 9-19 para chegar ao descanso con 22-36.

A segunda parte comezou cun 0-7 co que o Ensino conseguiu un máis 21 de máxima diferenza con apenas un cuarto de hora por diante.

BBCA tirou de carácter, endureceu o partido e cortou a sangría, pero o Esnino xa fixera gran parte do traballo.

A base de traballo colectivo as lucenses souberon administrar a renda ante a insistencia local por meterse na loita polo partido, e saíron de Ferrol co segundo posto en solitario pese ao 22-14 dos últimos dez minutos de xogo, no único parcial que perdeu o Ensino neste duelo de alturas.

Tralo parón de Nadal a competición renovarase cun partido ao grande, xa que Instituto Rosalía Pío XII, líder da Liga, visita o Anexo nun duelo directo co primeiro posto en xogo en Lugo.

## Unha derrota a medias en Santiago

**OS CELESTES** tiveron opcións de vitoria ata o final e salvaron o average

| ROSALÍA 94 | | ESTUDIANTES 82 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Rodríguez | | Sergio | 5 |
| Osorio | | Eloy | 14 |
| Cayado | | Jorge | 15 |
| Golpe | | Garabito | |
| Mallou J. | | Álvaro | 15 |
| Basanta | | Olloqui | 19 |
| Álvarez | | Dani | 2 |
| Paz | | Antón | |
| Mallou H. | | Durán | |
| Peña | | Pedro | 10 |
| | | Lucas | |
| | | Anxo | |


Olloqui cara o aro nunha xogada de ataque celeste

> "Una pena, ya que pudimos llevarnos el partido, pero al final por lo menos salvamos el average" JAVI PEINÓ Estudiantes Lugo

Estudiantes volveu de Santiago cun sabor agridoce tras perder ante Rosalía un partido disputado de poder a poder durante 38 minutos e con superioridade compostelá nos dous finais, coincidindo coa eliminación de Olloqui por faltas persoais, o que propiciou un claro dominio local no rebote. Pese a iso Estudiantes conseguiu salvar o basketaverage, un mal menor co que se tiveron que conformar pese a ter opcións de vitoria ata os últimos 120 segundos.

O partido foi con valor e espectacular na primeira parte, con vantaxes para un e outro equipo que non superaban os tres puntos. Estudiantes cun xogo máis sólido e Rosalía con moitísimo acerto desde o tiro exterior para finalizar a primeira parte con 45-47.

Na segunda parte a Estudiantes custoulle un pouco máis, pero a falta de sete minutos mandaba no marcador, e a dous para o final un dous máis un local coa quinta falta de Olloqui desnivelou o partido co máis cinco para Rosalía.

**+1**

**BASKETAVERAGE PARTICULAR** Estudiantes gañou por 13 puntos no partido de ida no Anexo, 97-84, polo que tras perder de 12 en Santiago, 94-82, os lucenses terán o average a favor se os dous equipos, como parece lóxico, se clasifican para a segunda fase

A partir de aí Estudiantes sufriu pero salvou o average particular.

## Premio á insistencia no treito final

**ESTUDIANTES** alzouse coa vitoria remontando cun parcial de 11-23

| B. CORUÑA 49 | | ESTUDIANTES 55 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| Ibáñez | | Candela | 3 |
| Fernández | | Yashina | 8 |
| Herrero | | Enma | 10 |
| Rodríguez | | Marta F. | 10 |
| Gutierrez | | Claudia | 24 |
| Varela | | Cristina | |
| Santiago | | Alejandra | |
| Lijo | | Carla | |
| Temprano | | Marta R. | |
| Vizcaíno | | | |
| López | | | |


A celeste Enma a piques de lanzar a canastra na ida

> "Aunque no hicimos un buen partido las chicas nunca dejaron de luchar y se llevaron el partido" SISE PEINÓ Estudiantes

Estudiantes despediu o 2018 cunha impresionante remontada na Coruña ante un rival que volveu demostrar o enganosa que é a súa posición na clasificación, último cunha soa vitoria pero competindo ata o final todos os partidos.

Desde o inicio viuse que o encontro non sería fácil. As herculinas son un equipo moi físico que xa vendeu cara a derrota na primeira volta no Anexo. Estudiantes non estivo cómodo, custoulle un mundo circular o balón e, tras impoñerse 11-12 no primeiro parcial, no segundo fíxoselle de noite, 15-8, co que se chegou ao descanso con 26-20 no marcador.

O terceiro cuarto foi de poder a poder, 12-12, mentres que a falta de oito minutos Basquet Coruña foise ata os once puntos de vantaxe. Sise suscitou unha defensa zonal coa que Estudiantes cortou a sangría, roubou balóns e empezou a anotar con fluidez para terminar o encontro e pechar o 2018 ao grande cunha impresionante remontada na que asinaron un parcial de 11-23 nos últimos dez minutos para desnivelar un partido moi complicado e igualado.

**–11**

**A FALTA DE 8 MINUTOS** Sise Peinó planteou unha defensa zonal coa que Estudiantes secou a Basquet Coruña cun parcial final de 11-23

# A moeda caeu cruz para Burela

**GRAN PARTIDO DOS MARIÑAOS,** que foron mellores mentres lles durou a gasolina ante un Culle moito máis físico

| 74 | | 79 | |
|---|---|---|---|
| **CB BURELA 05** | | **KFC CULLE** | |
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Marcos | 17 | Golpe | |
| Álvaro | | Quiles | |
| Antón | 17 | Ferrer | |
| Daniel | | González | |
| Joaquín | 2 | Domínguez | |
| Luis | 8 | Moretti | |
| Carlos | 20 | Pereyra | |
| Diego | 10 | Gayoso | |
| | | Val | |
| | | Rilo | |
| | | Abeal | |



Manolo Cobas dá instruccións a Álvaro Ben e Luis

O Academia A Mariña Burela quedouse ás portas de sumar unha nova vitoria na Liga Galega infantil masculina. Os de Manolo Cobas, como na pasada xornada no Anexo ante Estudiantes, disputaron un moi bo partido mentres as forzas lles acompañaron. No derbi frouxearon ao comezo da segunda parte, e ante Culleredo o inicio da segunda metade tamén foi decisivo ao encaixar un parcial de 19-31 que resultou determinante no marcador final.

Ata entón o partido fora vibrante, cun Culleredo exhibindo potencial físico ao manter unha presión alta ao longo dos corenta minutos nos que ademais os visitantes impuxeron os seus centímetros en ambas pinturas.

Ante iso o Academia A Mariña Burela tirou de orgullo e bo baloncesto durante moitos minutos. No primeiro cuarto os mariñaos impuxéronse 17-13 e no segundo 23-16 para chegar ao descanso con vantaxe no marcador, 40-29.

## "Felicito a los jugadores por el esfuerzo y por el partido a pesar de la derrota que encajamos" MANOLO COBAS Academia A Mariña Burela

Tras romperse o ritmo no intermedio a Burela custoulle volver arrincar, e iso ante unha defensa presionante como a de Culle traduciuse nun parcial de 19-31 co que os visitantes déronlle a volta ao marcador para chegar aos últimos dez minutos con 59-60 no electrónico.

A fortaleza e os centímetros de Culleredo impuxéronse na pintura nos últimos dez minutos, nos que o Academia A Mariña Burela loitou ata o final por unha vitoria que se escapou por moi pouco, ao ceder no último parcial por un axustado 15-19.

Con este encontro os de Manolo Cobas despediron o 2018 e volverán á competición a fin de semana do 12 de xaneiro recibindo ao segundo clasificado, Instituto Rosalía, noutro encontro de altos voos para os de Manolo Cobas.

# A defensa estudiantil secou a Maristas

**AS RAPAZAS** do Estudiantes infantil tamén venceron por KO na Coruña

| 19 | 69 |
|---|---|
| **MARISTAS C.** | **ESTUDIANTES** |
| Xogadora | Xogadora |
| Sanmartín | Candela |
| Fernández | María |
| Fernán | Iria |
| Ocaña | Narea |
| Pazos | Naiara |
| Pérez | Lucía |
| López | Laura Mesa |
| De Dios | Carolina |
| Simón | Sara |
| Anido | Marta |
| Regueiro | Celia |
| Prego | Laura Martín |

## "Acabamos la primera vuelta con buenas sensaciones" JULIA PENA Estudiantes Lugo

Estudiantes infantil feminino dominou de principio a fin o encontro ante Maristas Coruña exercendo unha defensa que afogou ás herculinas. O conxunto de Julia Pena roubou moitos balóns que se traduciron en canastras fáciles á contra e en ataque estático eran superiores no un contra un, polo que o partido quedou sentenciado nos primeiros dez minutos con máis 23 para as lucenses, 6-29.

A dinámica continuou no segundo cuarto, 11-26, e no terceiro pechouse o marcador. Todas as xogadoras dispuxeron de minutos de calidade e demostraron que o equipo está nun bo momento de forma deixando practicamente asegurado o primeiro obxectivo da tempada ao final da primeira volta.

# KO pola vía rápida dun Estudiantes moi superior

**15 MINUTOS** foron suficientes para que os lucenses pechasen o electrónico

| 12 | 62 |
|---|---|
| **MARISTAS C.** | **ESTUDIANTES** |
| Xogador | Xogador |
| Ramos | Miguel |
| Fernández | Cristian |
| Couso | Ales |
| Trillo | Manu |
| Anula | Gabi |
| Reyes | Joel |
| Casais | Brais |
| Sánchez | Óscar |
| Toja | Fabio |
| Chicano | |
| Varela | |

## "Partido muy serio y de buen nivel en un día en el que solo teníamos cosas que perder" ÁNGEL RIOBÓO Estudiantes Lugo

Estudiantes despexou calquera dúbida en canto a relaxación á hora de encarar un partido que se presentaba cómodo, e o foi, pero polo gran nivel que ofreceron os de Ángel Riobóo ao longo dos corenta minutos dun encontro no que se pechou o marcador mediado o segundo cuarto, con tan só quince minutos de xogo disputados.

O conxunto lucense vaise de vacacións desde o máis alto da clasificación, empatado con Instituto Rosalía, ambos con seis vitorias e unha derrota, pero o máis importante é que chegan ao parón con moi boas sensacións e cunha continua evolución á que esperan darlle continuidade nun 2019 que se presenta con retos ambiciosos por diante.




# Debutante, revelación e candidato

**TAN SÓ CULLEREDO, PRÓXIMO RIVAL DE MARISTAS,** mantén o pulso dos de Rubén Engroba no alto da clasificación ao remate da primeira volta na Liga Galega preinfantil


Gabriel inicia un contraataque entre dous rivais


Jorge a piques de facer un pase na pista do Anexo


Samuel baixo o aro a piques de lanzar a canastra

| MARISTAS 61 | | NARÓN 51 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Mauro | | Sabín | |
| Néstor | 11 | Lourido | |
| Samuel N. | | Botana | |
| David | | Gómez | |
| Samuel V. | 17 | Larro | |
| Gabriel R. | 4 | Fuertes | |
| Alexis | | González | |
| Jorge | 2 | Saa | |
| Julián | 27 | Iglesias | |
| Gabriel F. | | Garcia | |

> “Seguimos creciendo paso a paso mientras competimos al máximo nivel”
> RUBÉN ENGROBA Maristas Lugo

Maristas xa é unha realidade entre os mellores equipos da Liga Galega preinfantil. Os de Rubén Engroba chegaron para quedarse e agora fano para competir e discutirlles o título zonal aos mellores equipos autonómicos.

O bo estado de forma dos colexiais era unha realidade, pero había que pasar unha proba de lume para comprobalo e chegar ao parón de Nadal con todas as espadas no alto, liderando a competición. A proba era en grao sumo esixente xa que no Pazo presentouse o teórico mellor equipo da competición, Narón. Un rival que está afeito a gañar de forma clara, cun persoal amplo e moi físico, pero que mordeu o po no Anexo.

Maristas se exprimiu desde o inicio ante un rival con formulacións pouco frecuentes nesta categoría, tomando o mando no marcador desde os primeiros minutos cun parcial inicial de 21-16.

Maristas controlou á perfección o cinco para cinco en defensa e saía con relativa facilidade da presión rival aínda que as porcentaxes de acerto non foron de todo altas, os lucenses chegaron ao descanso con 36-27 no electrónico.

Esperábase a reacción de Narón e esta chegou ao comezo da segunda parte cunha presión moi alta e acerto ata poñerse a dous puntos. Cando peor pintaban as cousas, Maristas secou ao mellor xogador visitante e Julián fixo o resto en ataque anotando todos os puntos de Maristas nos últimos dez minutos, nos que asinaron unha vitoria das que se fala en toda Galicia.

Dende o máis alto da Primeira División preinfantil os de Rubén Engroba despiden o 2018, mentres que o 2019 comezará cun duelo directo polo liderado ante Culleredo a domicilio. No partido de ida, disputado no Anexo, Maristas gañou por dous puntos, agora no de volta, ademáis da vitoria, estará en xogo o primeiro posto en solitario.


O colexial David nunha xogada de ataque


Julián, que se foi ata os 27 puntos, rodeado de rivais

# Estudiantes luciuse en Ferrol

**A GRAN DEFENSA CELESTE** propiciou un KO no terceiro parcial

| BBCA 20 | | ESTUDIANTES 71 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | P. |
| Montaos | | Brais | 15 |
| Pulpeiro | | Dani | 2 |
| Seoane | | Leo | 10 |
| Albes | | Bernal | 6 |
| Oroza | | Rozas | 8 |
| Vázquez | | Serguei | 20 |
| Villadoniga | | Antón | 5 |
| Gato | | Mario | |
| Pena | | Isma | 5 |
| Filgueira | | Santi | |
| Rodriguez | | Mateo | |


Serguei a piques de roubar un balón nun partido no Anexo

> “Buena actitud del equipo, pero nos queda mucho que mejorar en la segunda vuelta”
> NICO FERNÁNDEZ Estudiantes Lugo

Estudiantes despregou todo o seu potencial en Ferrol co que arroiou a BBCA ata asinar un KO no terceiro parcial.

Os de Nico Fernández empezaron coas ideas moi claras, cunha presión alta que tardou un pouco en axustarse do todo, polo que os locais mantivéronse vivos no primeiro parcial ao aproveitar algunha lagoa celeste.

O 11-22 co que terminou o primeiro cuarto era tan só un espellismo, xa que a superioridade lucense era máis notable do que indicaba o marcador, algo que empezou a reflectirse tamén no electrónico no segundo cuarto, cun 6-28 que deixaba o marcador en 17-50 ao descanso.

Sen que BBCA puidese facer fronte a un Estudiantes pletórico, os celestes pecharon o marcador no terceiro parcial, 3-21 para o 20-71 final.

Todos os xogadores desprazados a Ferrol por Nico Fernández tiveron minutos de calidade e responderon cun nivel moi alto durante moitas fases do encontro.

Estudiantes chega ao parón de Nadal con boas notas, cos deberes feitos e con moi boas sensacións para afrontar unha segunda volta da Liga Galega preinfantil masculina na que os celestes teñen aínda moitas cousas que dicir.

# A “segunda parte” será no Anexo

**ESTUDIANTES** perdeu o primeiro partido en 2 anos en fase regular

| BBCA 66 | ESTUDIANTES 58 |
|---|---|
| Xogadora | Xogadora |
| Prieto | Laura |
| Álvarez | María |
| Villar | Ana |
| Bores | Paula |
| Cotovad | Aroa |
| Vilares | Daniela |
| Coira | Paula |
| Freire | Alma |
| Vázquez | Lucía |
| Cabezal | Sara P. |
| Fernández | Sara G. |
| Fol | |


Gemma Souto dando instruccións ás súas xogadoras

> “Debemos aprender a sobreponernos y trabajar en aquello que hemos fallado, tenemos mucho trabajo por delante pero la Liga es muy larga y esto no ha hecho más que comenzar. Toca ponerse las pilas
> GEMMA SOUTO Estudiantes

Estudiantes perdeu en Ferrol un partido que terá a súa continuidade no Anexo, no encontro de volta entre os dous mellores equipos desta competición e no cal as de Gemma Souto buscarán a vitoria e si é posible recuperar tamén o average.

Os dous equipos chegaban á cita con pleno de triunfos ata a data, o que engadiu un plus de nerviosismo principalmente ao equipo visitante, que o pagou nos primeiros minutos nos que BBCA tomou o mando no marcador no primeiro cuarto marcado por algunha decisión arbitral estraña coa que Estudiantes se cargou moi pronto de faltas. Na primeira parte o conxunto celeste nunca atopou as súas mellores sensacións e o marcador, con 31-18 ao descanso reflectiao.

Aos poucos Estudiantes sacudiuse os nervios e na segunda parte empezou a recortar puntos, pese ao lastre das baixas porcentaxes no tiro libre, só o 25%. Con 16-18 e 19-22 nos dous últimos parciais as de Gemma conseguiron reducir as diferenzas ata 8 puntos que intentará recuperar no partido de volta no Anexo.

# Sarria e Estudiantes, campións de inverno

**NAS LIGAS DE PREMINIBASKET MASCULINO.** Os dous equipos concluíron a primeira volta esta fin de semana con cadansúa vitoria


Minibasket Femenino **Cidade – CB Sarria**

As ligas provinciais de Preminibasket masculino remataron esta fin de semana a primeira volta con Estudiantes Azul como líder do Grupo 1 e Oribio Construcións CB Sarria no máis alto da táboa no Grupo 2.

As vitorias desta fin de semana válenlles o simbólico título de campións de inverno, que deberán refrendar tras as vacacións de Nadal, na segunda volta das competicións. Chegado o ecuador das ligas, Maristas, e Estudiantes Rojo, que tamén despediron o ano con triunfos, postúlanse como principais rivais directos.

### Premini feminino

Na liga feminina, María Auxiliadora segue a gañar enteiros ao acumular vitorias contra equipos instalados en postos máis altos na clasificación. O último, Galén Ensino, segundo clasificado, ao que superou con autoridade.

### Mini masculino

Cidade de Lugo, líder, María Auxiliadora e Estudiantes Rojo despediron o ano con vitorias. A máis apurada foi a dos colexiais, que se impuxeron por só cinco puntos de diferenza a Galén Ensino.

Os encontros CB Ribadeo-Estudiantes Azul e CB Celtas-CB Viveiro aprazáronse para o 12 e 20 de xaneiro, respectivamente.

### Mini feminino

O CB Viveiro subiu o segundo triunfo ao seu casilleiro despois de impoñerse ao Galén Ensino no encontro máis igualado da xornada na competición, 51-46. CB Sarria, Franciscanos e Alas de Mariposa CB Burela, primeiro na táboa, tamén gañaron os partidos da fin de semana.


Minibasket Femenino **Cidade – CB Sarria**


Minibasket Femenino **Cidade – CB Sarria**


Minibasket Masculino **Galén Ensino – María Auxiliadora**


Minibasket Masculino **Galén Ensino – María Auxiliadora**


Preminibasket Femenino **Galén – María Auxiliadora**


Preminibasket Femenino **Galén – María Auxiliadora**


Minibasket Masculino **Galén Ensino – María Auxiliadora**

## CLASIFICACIÓN DE PUNTOS MASCULINO | FEMININO | MIXTO

### Puntos JÚNIOR MASCULINO

| Xogador | Equipo | Ptos. |
|---|---|---|
| **JANUSEVICIUS** | Estudiantes | 274 |
| **MARK** | Estudiantes | 214 |
| **IAGO** | Estudiantes | 121 |
| **LUIS** | Estudiantes | 106 |
| **JULIÁN** | Hierros | 103 |
| **DANI** | Hierros | 89 |
| **MARIO** | CB Ribadeo | 82 |
| **MATEO** | CB Viveiro | 75 |
| **DIEGO** | Estu 2 | 74 |
| **JORGE** | Estu 2 | 66 |
| **DIOBIS** | CB Viveiro | 65 |
| **ÁLEX** | CB Burela | 64 |
| **JUAN** | Hierros | 57 |
| **ALBERTO** | CB Ribadeo | 55 |
| **ADRIÁN** | Hierros | 54 |
| **JULIÁN** | CB Burela | 53 |
| **SEVE** | Estu 2 | 49 |

### Puntos CADETE MASCULINO

| Xogador | Equipo | Ptos. |
|---|---|---|
| **OLLOQUI** | Estudiantes | 131 |
| **XOSÉ** | CB Viveiro | 114 |
| **PEDRO** | Estudiantes | 111 |
| **ÁLVARO** | Estudiantes | 109 |
| **MANU R.** | CB Ribadeo | 103 |
| **HUGO** | S. Ciprián | 102 |
| **IAGO** | E. Azul | 97 |
| **IKER** | CB Ribadeo | 86 |
| **DIEGO** | S. Ciprián | 77 |
| **BRAIS** | CB Viveiro | 76 |
| **JUAN** | Sagrado | 76 |
| **MARIO** | S. Ciprián | 73 |
| **ÁLEX** | Sagrado | 73 |
| **MARIO** | Ensino | 71 |
| **CRISTIAN** | CB Ribadeo | 68 |
| **SANTI** | Ensino | 66 |
| **MANU M.** | CB Ribadeo | 64 |

### Puntos JÚNIOR FEMININO

| Xogadora | Equipo | Ptos. |
|---|---|---|
| **CARMEN** | Ensino | 138 |
| **MARINA** | Ensino | 133 |
| **JESSI** | CB Ribadeo | 131 |
| **ANA C.** | CB Ribadeo | 87 |
| **LEBOREIRO** | Ensino | 70 |
| **FÁTIMA** | CB Ribadeo | 66 |
| **NURIA** | Ensino | 59 |
| **NATALIA G.** | Ensino | 57 |
| **ADRIANA** | Ensino 2 | 48 |
| **PAULA** | Ensino 2 | 48 |
| **ALEJANDRA** | Ensino 2 | 47 |
| **MAITE** | Ensino | 44 |
| **KRISTINA** | Ensino 2 | 44 |
| **IRENE** | CB Ribadeo | 41 |
| **NATALIA** | Ensino | 36 |
| **CARMEN** | Ensino 2 | 36 |
| **SARA** | CB Ribadeo | 32 |

### Puntos CADETE FEMININO

| Xogadora | Equipo | Ptos. |
|---|---|---|
| **NATALIA** | Ensino | 163 |
| **NURIA** | Ensino | 126 |
| **CLAUDIA** | Estudiantes | 117 |
| **ANDREA** | CB Ribadeo | 101 |
| **YASHINA** | Estudiantes | 101 |
| **MARTA** | T. Mariña | 95 |
| **IRENE** | CB Ribadeo | 85 |
| **IRENE** | E. Rojo | 85 |
| **ANA** | CB Viveiro | 76 |
| **LORENA** | Ensino 03 | 74 |
| **SARA** | CB Ribadeo | 72 |
| **CARME** | CB Viveiro | 70 |
| **MARÍA** | E. Rojo | 68 |
| **ELENA** | CB Viveiro | 63 |
| **ALDARA** | CB Ribadeo | 61 |
| **MARTA C.** | Ensino 03 | 59 |
| **JULIA** | CB Ribadeo | 54 |

### Puntos INFANTIL MIXTO

| Xogador/a | Equipo | Ptos. |
|---|---|---|
| **ÁLVARO** | Burela 06 | 184 |
| **PABLO** | Sagrado | 181 |
| **CARLOS** | CB Viveiro | 178 |
| **JULIÁN** | Sagrado | 130 |
| **ANTÓN** | Burela 05 | 109 |
| **MIGUEL** | Ensino | 108 |
| **VÍCTOR** | Estu 05 | 108 |
| **SAMUEL** | Sagrado | 107 |
| **LUIS** | CB Viveiro | 104 |
| **PABLO** | Ensino | 102 |
| **JORGE** | CB Ribadeo | 85 |
| **NICO** | Ensino | 76 |
| **LUCAS** | CB Ribadeo | 73 |
| **MARCOS** | Burela 05 | 71 |
| **CAROLINA** | Ensino | 71 |
| **DANI** | CB Ribadeo | 66 |
| **SIMÓN** | CB Ribadeo | 65 |


Jorge coa pelota por diante do celeste Mesfin


Mesfin nunha xogada de ataque seguido de Carlos


Samuel tratando de roubarlle o balón a Carlos


Martín a piques de superar a Carlos ante Samuel


Samuel coa pelota entre Carlos e María, de Maristas

# Estudiantes despegou na segunda metade

**DERBI DE PODER A PODER NA PRIMEIRA PARTE,** na que Maristas xogou o seu mellor baloncesto da tempada

